




Nace resaca emocional, un colectivo de artistas musicais e visuais atravesado pola diversidade

Bolboretas é o primeiro sinxelo do colectivo, un tema que se pode escoitar desde este venres, 14 de xuño, en todas as plataformas dixitais e que se acompaña dun vídeo dirixido e animado por Peque Varela



Galicia, 14 de xuño de 2024.- resaca emocional. Este é nome do novo colectivo creativo galego que hoxe se dá a coñecer co lanzamento do seu primeiro sinxelo, [Bolboretas, e que xa se pode escoitar nas principais plataformas dixitais.](#)

resaca emocional (RSK no seu nome curto) é un colectivo conformado por **artistas do eido da música e das artes visuais**, mais tamén dun amplo **equipo técnico**, no que a **comunidade** é a clave deste proxecto, atravesado polas **diversidades** e no que **“todes sumen”**.



“**resaca emocional** é un espazo seguro, no que todes suman. Apostamos pola creatividade e o traballo común desde a diversidade, sen importar a idade, identidade de xénero, orientación sexual ou condicionamentos mentais, sociais ou de saúde”, expresa o colectivo.

resaca emocional opta por un **son pop, naive e sensíbel con picos do baile e desfase techno**. As emocións son o eixo do imaxinario do colectivo, tal e como se poderá escoitar no seu primeiro traballo, editado por Tremendo Audiovisual, no que exploran sentimentos coma o amor, a amizade ou a paixón en todas as súas formas.

O primeiro avance deste traballo en común é **Bolboretas**, o seu sinxelo debut, “unha viaxe pop que equilibra a tensión entre o desexo contido e a catarse, pintando unha imaxe vívida da delicada danza entre a atracción e o medo”. Por medio de sintetizadores e percusións “apertantes”, ademais dunha animación coidada -creada, nesta ocasión, por Peque Varela-, a canción tamén aborda a idea “de que todes somos museos vivos, seleccións formadas por pedazos que tomamos da xente á que queremos, dando forma así ao que somos”, expón resaca emocional.

Bolboretas nas [principais plataformas dixitais](#)

Videoclip de [Bolboretas](#)

Descarga o [kit de prensa](#)

Contacto de prensa

Lucía Pita | 675 404 321 lucia.pita@theofficeco.es